


Texto e ilustracións: **DANIELA KULOT**
Tradución: **MARC TAEGER** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartonné.
32 páxinas a toda cor. 23x30 cm.
Dispoñible en:

- Galego: "Crocodilo namorado"
ISBN 978-84-935122-4-8
- Castelán: "Cocodrilo se enamora"
ISBN 978-84-935122-5-5

Prezo: 15 €



CROCODILO NAMORADO

**Hai días que Crocodilo está inqueda.
Ás veces ten frío, ás veces ten calor,
ás veces está moi triste...
O que lle pasa é que está namorado.**

- **Temática:** o amor e a parella
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** o colorido das ilustracións; reflexión sobre o amor, que trascende barreiras e sobre a aceptación das diferenzas; a parella e a familia

Este título é o primeiro dunha serie de álbumes protagonizados por Crocodilo e Xirafa, dous personaxes que se namoran e forman unha parella peculiar. Aparentemente, a súa relación pode resultar un tanto complicada porque a diferenza máis notable entre eles é a estatura. Pero é aí onde Crocodilo emprega toda a súa maña, co obxectivo de facerse notar para chamar a atención de Xirafa.

Así, sucédense situacións cheas de humor coas que Crocodilo procura que ámbolos dous se atopen para que Xirafa poida percibir o seu interese por ela. Pero o azar acaba sempre frustrando ese cruce de miradas e sorrisos necesario para que xurda a chispa do amor.

Un libro infantil sobre un sentimento universal, que explica cunha linguaxe sinxela e cercana o torrente de sensacións e emocións que se producen en quen se namora. Tamén destaca por abordar este tema desde un enfoque global e que á vez parte de situacións cotiás. Nunha sociedade onde se procura a integración de razas, culturas, crenzas, e onde son cada vez máis habituais novos tipos de familia, este álbum transmite unha mensaxe fundamental: non é cuestión de altura, peso ou idioma; cando o amor se presenta, todas as barreiras son superables.

Dende o punto de vista estético, o inconfundible estilo de Daniela Kulot atrae a atención do lector cunha obra chea de dozura e colorido.

DANIELA KULOT (Schongau. Bavaria, 1966)

A afección polo debuxo e a pintura xurdiu na súa nenez. Formouse academicamente na Escola Superior de Deseño de Augsburg para dedicarse á arte. Comezou a publicar álbumes infantís en 1990 e as súas obras tiveron tanto éxito que máis dunha trintena de títulos foron traducidos a outras linguas. O seu estilo destaca pola variedade cromática de cada escea, pola luminosidade e o contraste de cores; tamén resulta atractivo o humor co que se plantexan as historias e o deseño das súas páxinas.

FAKTORÍA K deu a coñecer en galego e castelán a obra desta autora, da que publicou xa os seguintes títulos: "Que lería de cordóns", "Co dedo no nariz" e "Leopoldo e Casilda".